

NORMAS DE CONVIVENCIA

O colexio aspira a manter unha convivencia harmónica entre todos os seus membros, por isto estima que o cumprimento das normas de convivencia é fundamental para o bo desenvolvemento da vida escolar, ademais.

De acordo co Real Decreto 732/1995, de 5 de Maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos/-as e as normas de convivencia nos centros, o incumprimento das mesmas terá que ser valorado considerando:

- Situación, condicións persoais e idade do alumno/-a.
- O carácter educativo e recuperador, non meramente sancionador.
- En ningún caso o procedemento a seguir poderá afecta-lo dereito á intimidade, honra ou reputación do alumno/-a.
- Circunstancias paliativas:
 - Recoñecemento espontáneo da súa conducta incorrecta
 - Falta de intencionalidade.
- Circunstancias agravantes:
 - Premeditación.
 - Reiteración
 - Ocultación de responsabilidade
 - O dano, inxuria ou ofensa a calquera outra persoa da comunidade educativa, especialmente se esta é de menor idade ou recién incorporada ó centro, ou terceiras persoas.
 - Incumprimento de normas fora do recinto escolar (saídas, excursións, convivencias,...)
 - Calquera acto que leve implícita unha discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- O grao de gravidade e as accións a tomar polo incumprimento dunha norma de convivencia virá determinado pola presente normativa e, neste orden, polo criterio dos seguintes órganos:
 - Profesor/-a do alumno/-a
 - Titor
 - Coordinador
 - Xefe de estudos
 - Claustro de profesores
 - Director
 - Comisión de convivencia
 - Consello escolar
- As faltas consideraranse leves, serias, graves ou moi graves e poderán ser obxecto de:
 - Amoestación verbal
 - Advertencia por escrito ós pais ou titores
 - Asistencia ó centro en horario non lectivo para a realización de traballos específicos (lectura, decorar corchos, ...) luns ou xoves durante dúas horas; sendo tanto o día coma o período de dúas horas marcado polo profesorado encargado da vixilancia.

- Realización de tarefas que axuden á mellora o desenvolvemento das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material do centro ou as pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares, complementarias ou de calquera outro tipo feitas ou promovidas polo centro.
- Comunicación a outros organismos educativos ou sociais a través de expedientes informativos.
- Expulsión temporal do centro.
- Baixa definitiva no centro.
- Non participación nas excursións
- Aquelas outras que determine a lexislación vixente.

ACTITUDES E COMPORTAMENTOS

- As actitudes de violencia verbal ou física hacia membros da comunidade escolar ou terceiras persoas consideraranse faltas graves ou moi graves.
- Unha falta de disciplina ou actitude negativa do alumno traerá consigo unha amoestación do seu profesor ou titor se a falta considérase leve.
- A suplantación de personalidade de calquera xeito e a falsificación ou sustracción de documentos académicos consideraranse unha falta grave.
- Os actos continuados de indisciplina, incumprimento reiterado de normas ou actitudes negativas graves recibirán paulatinamente a amoestación privada por parte do coordinador, xefe de estudos (que o comunicará por escrito ós pais), claustro de profesores (os cales valorarán a necesidade de convocar unha reunión da comisión de convivencia) e a comisión de convivencia que considerará a pertinencia, tras oír ás partes implicadas, do envío do caso ó consello escolar.
- Cando un acto acade a consideración de moi grave por un órgano e este non se considere competente para tomar unha decisión poderá delegar nun órgano superior ata chegar ó consello escolar.
- Non está permitido a tenencia e consumo de sustancias nocivas no recinto escolar. O incumprimento desta norma consideraranse grave.
- Non está permitido o uso de teléfonos móbiles, walkmans, MP3, etc. O incumprimento desta norma conlevará a retirada do aparello correspondente e unicamente será devolto aos pais ou tutores. Se o feito se repetise, ou o alumno en cuestión se nega a entregar o aparello ó profesor que llo requirise a falta será considerada grave.
- Os alumnos non poderán traer ó colexio xogos ou aparellos que inciten ó individualismo e/ou á violencia. O incumprimento desta norma consideraranse leve.
- Está prohibida a tenencia e uso de calquera obxecto (punteiros láser, navallas,...) que poda causar calquera tipo de lesión. O incumprimento desta norma consideraranse grave ou moi grave.
- É de obrigado cumprimento a comunicación ó titor ou outro profesor do coñecemento dunha actitude ou comportamento que vaia en contra da convivencia no centro, partindo da base de que alumnos, profesorado, pais, dirección, administración e servicios non somos grupos enfrontados, senón unha comunidade educativa.

- Nos cambios de clases os alumnos deberán permanecer dentro da súa aula, salvo autorización dun profesor. O incumprimento desta norma considerárase unha falta leve por parte do profesor encargado do corredor nese momento.
- O regramento do centro, de acordo coa normativa legal, non considera a posibilidade da expulsión do alumno ó longo dunha clase, se ben é posible darlle ó alumno tempos de reflexión fóra da aula sobre a súa actitude. Neste caso o profesor comunicará a súa decisión ó titor.
- Os casos de indisciplina dun grande número de alumnos pertencentes a un mesmo grupo serán tratados directamente polo claustro de profesores da etapa, quen poderá delegar na comisión de convivencia as decisións a tomar; pero en ningún caso implicará a asistencia ó centro do grupo ó que pertencen eses alumnos en horario non lectivo.
- Os traslados dentro do edificio deben facerse en silencio, sen correr polos corredores e no menor tempo posible.
- As saídas ó recreo, ó rematar a xornada de mañá ou de tarde deben facerse con orden, sen precipitación e respectando sempre ós máis pequenos.
- Os profesores comunicarán calquera tipo de incidencia ou falta ao titor do curso cunha periodicidade mínima semanal, incluíndo unha nota informativa.
- O incumprimento dunha sanción imposta considerárase unha falta grave.

ASISTENCIA

- A asistencia, de acordo co marco legal, é obrigatoria.
- Toda falta de asistencia deberá ser xustificada (con anterioridade se é posible) mediante unha nota escrita dos pais ou titores que será entregada ó titor. Nestes xustificantes figurará o nome e apelidos do alumno, a data ou datas de non asistencia (día e mes), a hora (se fose o caso), firma dos pais ou titores e unha explicación dos motivos polos que non se pode asistir ás clases.
- As faltas sen xustificar comunicaranse por parte do titor ós pais ou titores a través do teléfono e posteriormente a través do boletín informativo trimestral.
- A non asistencia sen xustificación a máis de 8 sesións deberá ser comunicada ao claustro do ciclo o cal deberá decidir as medidas que se tomarán e, se o considerara pertinente, a comunicación a outras instancias sociais ou educativas.
- Para ausentarse do colexio entregarase unha nota escrita dos pais ou titores que será entregada ó profesor co que se este no momento da saída do colexio. Este profesor entregarálla posteriormente ó titor. Esta nota terá o mesmo formato ca un xustificante de ausencia, pero especificando o período de tempo polo que se considera que o alumno estará ausente. No caso de que este período fose ampliado por algún motivo, o alumno entregará unha nova nota aclaratoria de cal foi realmente a duración da ausencia.
- Os pais ou titores asumirán un especial compromiso coa asistencia dos seus fillos a aquelas actividades que teñan lugar fora do recinto escolar (saídas, excursións,...)

PUNTUALIDADE

- Os retrasos deberán ser xustificados, dependendo do caso, a través dunha nota escrita dos pais ou profesor aclarando o motivo do retraso. O profesor que recolla esta nota entregarálla ó titor.
- Falta de puntualidade sen xustificar levará consigo a amoestación do titor e información aos pais. O alumno permanecerá fora da aula ata a seguinte hora. Esa hora será recuperada un xoves pola tarde.
- A non xustificación da falta de puntualidade será considerada unha falta leve. A acumulación de 3 faltas non xustificadas considerarase unha falta grave.
- A entrada no centro pola mañá e pola tarde, e tamén despois do tempo de recreo deberá realizarse cinco minutos antes do inicio das clases.

CONSERVACIÓN DO MATERIAL, DA AULA E OUTRAS INSTALACIONES

O material, tanto propio coma do centro, é imprescindible para o normal desenvolvemento das actividades escolares.

- A non presentación do material propio considerarase unha falta leve, pero a reiteración considerarase grave.
- O carné do alumno, as follas de observacións, circulares, exames etc, considéranse material do centro e o seu deterioro considerarase unha falta leve. Calquera reiteración considerarase grave.
- A perda do carné, por segunda vez, implica o abono de 3 euros por parte do alumno.
- Os alumnos abonarán o importe do material que, por negligencia, se deteriore ou extravíe. Se neste deterioro ou extravío existe intencionalidade considerarase unha falta grave ou moi grave.
- Tódolos alumnos deberán ser vixiantes do bo uso do material propio ou alleo, polo que os desperfectos que "non teñan autor" deberán ser asumidos polo grupo de traballo no que se produzan.
- A apropiación de material considerarase unha falta grave ou moi grave.
- Toda a comunidade educativa velará pola limpeza, conservación e orden de calquera instalación do centro.
- Ó remata-las clases deberán quedar as luces apagadas, as fiestras e portas pechadas e o material, mesas e cadeiras ordenados. Para que isto poda ser así, o profesorado será o último en abandonar a aula.
- A biblioteca é un lugar de estudo e consulta, polo que se debe gardar silencio e especial respecto polas normas de funcionamento da mesma.
- Os obxectos atopados no recinto escolar deberán ser entregados en secretaría.
- O colexio declina calquera responsabilidade da desaparición de material non escolar, aconsellando que non se traian obxectos de valor que poidan ser substraídos.

VESTIARIO, HIXIENE E ASEO

- Os alumnos deberán coidar o seu aspecto persoal e presentarse debidamente aseados.
- Os alumnos de infantil e primaria deberán utiliza-lo uniforme establecido polo colexio en tódolos seus elementos.
- Os alumnos de secundaria deberán utiliza-la roupa deportiva indicada polo colexio nas clases de Educación Física e, a requerimento do profesorado, para a realización de certas actividades. O non cumprimento desta norma implicará a non participación na clase e a recuperación desta hora no horario indicado polo profesor
- Durante a xornada escolar os/as alumnos/as terán que vestir con corrección e de xeito adecuado ás actividades que van desenvolver. Se o vestuario non fose axeitado, poñerase en coñecemento dos pais para solucionar a situación.